

RUE SAINT-ANTOINE Nº 170

RAMÓN ROZAS



LITERATURA ► Nun ano cheo de actividades arredor de M^a Victoria Moreno co gallo da súa escolla para protagonizar o día das Letras Galegas o Concello de Pontevedra aprobou un cambio no rueiro da cidade que fará que Pontevedra, a súa vila de acollida, e onde desenvolveu a súa vida, teñá xa para sempre o seu nome como unha lumieira acesa.

Dúas biografías e unha rúa

O ÚLTIMO PLENO do Concello de Pontevedra deixou, polo menos, dúas cousas en evidencia. A primeira que os nosos políticos teñen a posibilidade de xuntarse afastándose da miopia das siglas e poden poñerse ombreiro con ombreiro cando a situación así o precisa sen que o mundo deixe de xirar; e a segunda, é que Pontevedra é unha cidade agradecida cos que fixeron dela o seu motivo de inspiración e traballo. María Victoria Moreno, dende a súa chegada á nosa cidade en 1963, non só fixo agromar a súa narrativa dende a súa descuberta e paixón pola lingua galega, senón que desenvolveu un labor marabilloso arredor da xuventude facendo que nela alicerzase o amor pola lectura pero tamén, ou mellor dito, por riba desa misión, a forxa dunha alma valentes e libres que sentiron na presenza desta muller a confianza que tantas veces se lles nega á mocidade.

A decisión do Concello de Pontevedra de substituír a rúa Fernández Ladreda, nome dun ministro franquista, polo de M^a Victoria Moreno, non só é un xesto de conciencia polo de borrar do noso rueiro a un protagonista da dictadura, senón que plantexa a necesidade de reivindicar a mulleres protagonistas da nosa historia que nunca tiveron recoñecemento algún. E, se nos referimos a nosa protagonista, colócanos ante a homenaxe permanente a unha muller engaiolada dunha lingua que empregou para sementar novos lectores e abrírlles as lumieiras da lectura, converténdose agora, ela mesma, nesa lumieira que estará sempre acesa no noso rueiro.

BIOGRAFÍAS. O propio concello de Pontevedra vén de presentar nestes días a próxima publicación dun libro adicado a M^a Victoria Moreno dentro do programa 'Memoria das mulleres' da man de Montse Fajardo que irá máis alá do seu labor como escritora e conducirá o relato dende os fios que a enguedellan coa propia cidade e as persoas que estiveron ao seu arredor. Este libro será un máis dentro da reedición de obras súas que estanse a producir e que estarán no mercado cunha maior intensidade á medida que nos acheguemos ao Día das Letras Galegas, a ela adicado.

Os que si xa están en circulación son dúas biografías publicadas por Xerais e Galaxia, respectivamente. A saída do prelo da primeira é 'M^a Victoria Moreno, a muller



M^a Victoria Moreno é agasallada polos libeiros na Feira do Libro de Pontevedra do ano 2001. XAN XIADAS

que durmía pouco e soñaba moito', escrita por Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, mentres que a segunda chega da man de Montse

estaba engaiolada dunha lingua que empregou para sementar novos lectores e abrírlles as lumieiras da lectura»

Pena e leva por título 'A voz Insurrecta. M^a Victoria Moreno, entre a literatura e a vida'. Ambas son dúas marabillosas maneiras de achegarse á escritora poñendo ante nós a posibilidade de descubrir, dunha maneira amena e didáctica, pero sen afastarse da rigorosidade, o que foi a súa vida e que, como escribe Montse Penas no limiar da súa biografía de Ga-

laxia, vai «das súas angueiras de escrita, o seu labor como profesora apaixonada e a súa aposta polo galego». Tres vértices nos que se moveu ao longo da súa vida quedando o persoal moitos veces colocado incluso tras eles.

Pola súa banda Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre engádenlle ao seu relato ese aloumiño na mexela que outorga a complicida-

de e a amizade a través de moitos anos (ben certo que moitos menos dos que todas houberan desexado) e que nos leva, polo tanto, por un relato cheo desa intensidade que tan ben lles senta ás biografías, moitas veces repletas de frías liñas.

Pero no caso de M^a Victoria Moreno, a palabra frialdade non encaixa en ninguén que escriba sobre ela, tanto os que máis ou menos a coñecían, ou, como quen isto suscribe, sen a fortuna de tela coñecido persoalmente. Pero hai persoas que chegan a un a través non só dos seus feitos, senón da palabra dos demais, de cómo falan dela, de cómo asumen a súa dolorosa ausencia, de cómo describen o que foi a súa vida, no persoal e no profesional, e fan que escribir de M^a Victoria Moreno sexa escribir dalgun que coñeces case dende que chegou a Pontevedra para darlle acubillo a moitos deses 'cachorros', como ela mesma se refería aos seus alumnos e alumnas. Primeiro mulleres do Instituto Feminino, e posteriormente doutros centros, como no que deixou fortes raíces e longas polas das que pendurarse, perfecta metáfora desa colección inesquecibel, de nome 'Árbore' que impulsou en Galaxia. Esa árbore inagotábel foi e é a súa presenza no IES Torrente Ballester reflectido na Biblioteca do centro que leva o seu nome

Libros, lectores e lectoras, a todos eles adicou a súa vida sabedora da paixón que podía transmitir coa lectura, cunhas narracións nas que os xóvenes podían sentirse reflectidos sen sentirse parvos. A eles referiuse sempre sendo consciente da súa capacidade para entender o mundo e relacionarse con el. A través desas miradas é como M^a Victoria Moreno miraba ao mundo, e cara ela mira Montse Penas dende os anos de infancia e Mocidade. A chegada a Galicia e a descuberta do galego, O seu labor como filóloga e traductora, O recoñecemento da súa escrita e O pulso á enfermidade. Capítulos dunha vida que para Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre convértese en A librería dos libros prohibidos, Lembranzas da infancia: Quen caeu na fonte?, Orfa de pai, Os cachorros de María Victoria, Na pel doutras persoas e Tirar a luz da sombra. Cada un deses capítulos ou deses libros son os latexos dunha vida que seguirá latexando na nosa cidade, na dela, e que terá un novo camiño polo que lembrala en forma de rúa, en forma de lumieira acesa.



«Na miña vila-Pontevedra- que é pequena, son soamente unha señora que pasea polas rúas con dous cans preciosos, recolle as cacas e fala con todos os nenos- os outros cachorros-»
(M^a Victoria Moreno. Xerais)

«M^a Victoria Moreno es una señora de 48 años, a veces tan vieja como las cosas hermosas y tristes que existen desde siempre, a veces tan joven como sus alumnos que le contagian la gripe, la ilusión y la fe en el futuro».
(M^a Victoria Moreno. Galaxia)

